

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL
IES PLURILINGÜE ADORMIDERAS
CURSO ACADÉMICO 2023-2024



ÍNDICE

ÍNDICE	1
CAPÍTULO I.....	4
1. PLAN ANUAL.	4
1.1. Obxectivos específicos.	4
1.2. Medidas a desenvolver.	5
1.3. Recursos previstos.....	7
2. HORARIO XERAL DO CENTRO.....	9
2.1. Horario lectivo.	9
2.2. Horario de verán.....	10
3. ORGANIZACIÓN DE SERVICIOS COMPLEMENTARIOS.....	10
4. DOCUMENTO DE RECOLLIDA DE DATOS (DRD).	10
CAPÍTULO II.....	10
5. DOCUMENTO DE ORGANIZACIÓN DE CENTRO (DOC).	10
CAPÍTULO III	11
6. PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS Y EXTRAESCOLARES..	11
6.1. Introducción.....	11
6.2. Obxectivos xerais.....	12
6.3. Contribución das AACCEE ao desenvolvemento das competencias clave.	13
6.4. Funcionamento do departamento de AACCEE.	14
6.4.1. Consideracións xerais.	14
6.4.2. Participación do alumnado nas actividades.	15
6.4.3. Comunicación da actividade a Vicedirección.	15
6.5. Organización e xestión das actividades.....	15
6.6. Normas durante as AACCEE.	17
6.7. Criterios xerais de organización.	19
6.8. Criterios específicos de organización para as actividades complementarias.	20
6.9. Criterios específicos de organización para as actividades extraescolares.	20
6.10. Programas, plans e actividades.	21



6.10.1. Coruña Educa.....	21
6.10.2. Club de lectura.	21
6.10.3. Club de ciencia.....	21
6.10.4. Programa Fullbright.....	22
6.10.5. Proa+.	22
6.10.6. Plan director.	22
6.10.7. Conmemoracións e actividades conxuntas.	23
6.10.8. Excursión fin de curso do alumnado de 4ºESO.	24
6.11. Actividades por departamentos.....	24
6.11.1. Departamento de Bioloxía e Xeoloxía.....	24
6.11.2. Departamento de Economía.	25
6.11.3. Departamento de Lingua Galega.....	25
6.11.4. Departamento de Física e Química.	26
6.11.5. Departamento de Matemáticas.....	28
6.11.6. Departamento de Música.....	28
6.11.7. Departamento de Latín e Grego.....	28
6.11.8. Departamento de Xeografía e Historia.	29
6.11.9. Departamento de Debuxo.....	29
6.11.10. Departamento de Inglés.....	30
6.11.11. Departamento de Tecnoloxía.....	31
6.11.12. Departamento de Educación Física.	31
6.11.13. Departamento de Orientación.	31
6.12. Avaliación da programación.....	32
7. PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.....	33
8. PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO DO CENTRO.....	34
CAPÍTULO IV	35
9. ORZAMENTO DO CENTRO.....	35
10. MODIFICACIÓN DO PE E DO PC.....	35
11. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC.....	35
12. PLAN DIXITAL.....	36



13. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (PXAD).	36
14. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE BENESTAR E CONVIVENCIA.	36
15. PLAN ANUAL DE BIBLIOTECA.	36
16. PLAN ANUAL DE LECTURA.	36
17. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E HÁBITOS SAUDABLES.	36
18. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROGRAMA DE CENTRO PLURILINGÜE.	36
19. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO TRABALLO DO AUXILIAR DE CONVERSA (FULBRIGHT).	39
20. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DA PXA: INDICADORES PARA AVALIAR O RESULTADO.	40
20.1 Ferramentas de avaliación.	41
20.2. Indicadores de logro.....	41
20.2.1. Indicadores logro da PXA.	41
20.2.2. Indicadores de logro do desenvolvemento da PXA.	42



CAPÍTULO I

1. PLAN ANUAL.

1.1. Obxectivos específicos.

- Seguir co proxecto de centro plurilingüe na etapa da ESO.
- Promocionar a igualdade entre homes e mulleres, eliminando toda posible discriminación por motivos de sexo, a través de medidas inclusivas, colaborativas e non discriminatorias.
- Revisar, actualizar e publicar os documentos de centro.
- Dinamizar a web e os blogs do centro, mellorar o posicionamento nas diferentes redes sociais e potenciar o uso das aulas virtuais.
- Supervisar que a plataforma Abalar (espazo Abalar, Abalar Móbil e AbalarPro) como canle principal de xestión da titoría.
- Mellorar a formación do noso alumnado tendo en conta a súa diversidade.
- Organizar, actualizar e dinamizar a biblioteca do centro, entendida como un centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe, en evolución cara a un “centro creativo das aprendizaxes”.
- Implantar o plan de autoprotección.
- Mellorar as infraestruturas e recursos materiais do centro. Utilizar fontes de enerxías renovables e realizar campañas de concienciación enerxética.
- Fomentar o aproveitamento das zonas verdes do centro (Unha das liñas de traballo do PFPP é a de mellora dos espazos exteriores do centro - Proxecto Xardín).
- Potenciar o traballo colaborativo entre o persoal docente, non docente e o resto dos membros da comunidade educativa, en especial coa ANPA.
- Colaborar con outras institucións académicas e culturais. Este curso varios profesores e profesoras solicitaron ser titores e titoras do practicum do Master do profesorado de Educación



Secundaria. Seguiremos a colaborar co Concello de A Coruña mediante o programa educativo e fomentaremos a colaboración con outras institucións culturais de A Coruña.

- Internacionalización do centro. (Unha das liñas de traballo do PFPP está dedicada a isto).

1.2. Medidas a desenvolver.

O curso académico 2023-24 ven marcado pola implantación da LOMLOE nos cursos pares 2ºESO, 4ºESO e 2ºBAC.

O centro ten 23 grupos repartidos do seguinte xeito:

- 2 grupos en 1º da ESO. No grupo 1º ESO-B está integrado o alumnado de apoio.
- 2 grupos en 2º da ESO. No grupo 2º ESO-B está integrados o alumnado de apoio.
- 3 grupos en 3º da ESO. Un deles é o grupo correspondente o Programa de Diversificación Curricular (PDC).
- 3 grupos en 4º da ESO. Un deles é o grupo correspondente o Programa de Diversificación Curricular (PDC).
- 6 grupos en 1º de Bacharelato, un mixto de Ciencias e Tecnoloxía e Ciencias Sociais e Humanidades, outro de Ciencias Sociais e Humanidades e cinco de Artes.
- 7 grupos en 2º de Bacharelato. Un de Ciencias e Tecnoloxía, outro de Ciencias Sociais e Humanidades e cinco de Artes.

A organización que seguimos é a de aula-grupo. A maior parte das aulas de grupo teñen entre 30 e 33 postos e as aulas de desdobres entre 8 e 22 postos. Nas catro aulas de informática das que dispón o centro, o número de postos son 13, 19, 33 e 33.

Na ESO están matriculados 212 alumnos e alumnas e no BAC están matriculados 392 alumnos e alumnas.

Nos últimos anos o instituto estivo a incrementar o número de alumnos/as de xeito máis que significativo: 383 alumnos/as no curso 2014-2015, 403 no curso 2015-2016, 417 no curso 2016-2017, 434 no curso 2017- 2018, 462 no curso 2018-2019, 497 no curso 2019-2020, 534 no curso 2020-2021, 573 no curso 2021-2022 e 637 alumnos/as no curso 2022-2023, aínda que este curso baixou ata 604 alumnos/as.



O Instituto Plurilingüe Adormideras inicia este curso escolar o seu décimo cuarto ano como centro plurilingüe impartindo en inglés as seguintes materias:

- 1º ESO: Bioloxía e Xeoloxía e Relixión.
- 2º ESO: Física e Química e Relixión.
- 3º ESO: Física e Química.
- 4º ESO: Dixitalización.

En 1ºESO, as dúas sesións de libre disposición están dedicadas a aumentar nunha sesión as da materia de Bioloxía e Xeoloxía, pasando de tres a catro sesións, por mor de impartirse en Inglés e para favorecer o desenvolvemento do programa de centro plurilingüe. A outra sesión é para a aumentar nunha sesión as da materia de Lingua Castelá e Literatura, pasando de tres a catro sesións, esta sesión dedicarase a mellorar a comprensión oral e a expresión escrita. O proxecto competencial de 1ºESO denomínase: “Mulleres galegas destacadas en diferentes ámbitos” e é impartido polo departamento de Lingua Galega.

En 2º da ESO, unha das sesións de libre disposición está dedicada a aumentar nunha sesión as da materia de Inglés, pasando de tres a catro sesións, para favorecer o desenvolvemento do programa de centro plurilingüe. A outra sesión é para a aumentar nunha sesión as da materia de Lingua Galega e Literatura, pasando de tres a catro sesións, esta sesión dedicarase a mellorar a comprensión oral e a expresión escrita. O proxecto competencial de 2ºESO denomínase: “Educación emocional” e é impartido polo departamento de Filosofía.

En 3ºESO o proxecto competencial denomínase: “A muller na arte, a muller como mecenas, a muller como obxecto, a muller como suxeito” e é impartido polo departamento de Xeografía e Historia.

En 4ºESO o proxecto competencial denomínase: “Intervencións creativas” e é impartido polo departamento de Debuxo.

A hora adicada a materia espello a Relixión no Bacharelato será para reforzar a competencia matemática ou a competencia lingüística en Lingua Galega, Lingua Castelá ou Lingua Inglesa. Os estudantes de bacharelato de Artes só poderán cursar o reforzo na competencia lingüística. O reforzo destas competencias repercute en todas as materias e non levará nota no expediente académico.



Realizaranse convenios de colaboración con distintas asociacións da comarca para promocionar a igualdade entre homes e mulleres que impartirán diferentes talleres ao alumnado e ao profesorado.

O equipo directivo analizará de forma pormenorizada a lexislación vixente, posteriormente analizará os documentos actuais e procederá a realización dos pertinente cambios para finalmente dar a coñecer toda a comunidade educativa mediante diferentes canles (web do centro, correo corporativo, espazo Abalar,...)

Contratarase unha empresa especializada para a implantación do plan de autoprotección, posteriormente un técnico da empresa impartirá unha sesión de formación para todo o persoal do centro, máis tarde implantarse o plan e realizarase un simulacro.

Continuaranse mellorando as infraestruturas do centro e os recursos materiais en función das necesidades e do orzamento dispoñible, tamén levaranse a cabo as operacións periódicas de mantemento de instalacións e maquinaria e realizaranse as diversas inspeccións obrigatorias.

Manterase a participación no proxecto Voz Natura, realizaranse labores de xardinaría coa participación do alumnado e fomentarse un maior uso do xardín tanto polo alumnado como polo profesorado.

O equipo directivo deseñará e implementará un programa de acollida para o novo profesorado. Ademais realizará diferentes reunións periódicas co persoal non docente e coa ANPA para poder dar resposta as diferentes necesidades que poidan xurdir.

Continuamos, un ano máis, no PLAMBE (Plan de Mellora das Bibliotecas Escolares), bibliotecas solidarias, clubs de lectura, club de ciencia, programa PROA+. Por outro lado, o centro participará na selección de centros para que o alumnado de 4ºESO, 2ºBAC e 1ºBAC realice as probas de acreditación lingüística en linguas estranxeiras.

1.3. Recursos previstos.

Para poder acadar de xeito satisfactorio os diferentes obxectivos temos que dispoñer tanto de recursos humanos coma de recursos materiais:

- Lexislación tanto estatal como autonómica.
- Aplicación ofimática LibreOffice.
- Web do centro, correo corporativo, aula virtual, espazo Abalar, Abalar Pro.



- Dotación de mobiliario da Consellería, programa Meiga.
- Sinalética normalizada, plan de autoprotección realizado por unha empresa especializada, planos de situación en cada recinto “vostede está aquí” indicando o camiño de evacuación, acta do simulacro.
- Fondos Voz Natura, plantas, flores, ferramentas xardinaría, materiais específicos para o rego automático, cámara de fotos.

No apartado do profesorado, este ano o centro dispón de corenta e oito profesores e medio. Ese medio é a profesora de relixión que pertence ao IES Plurilingüe Eusebio da Guarda é que imparte no noso centro 10 horas. A maiores foimos seleccionados no CP Recupéra-T dentro do programa Proa+ co cal dispoñemos dunha profesora a media xornada de pedagogía terapéutica que se incorporou á mediados de outubro.

Ao ser centro plurilingüe temos 5 profesores CLIL co nivel B2 ou superior para poder impartir as materias de Bioloxía e Xeoloxía (1º ESO), Física e Química (2º ESO), Física e Química (3º ESO), Dixitalización (4º ESO) e Relixión (1º, 2º e 3º de ESO) en inglés.

En 1º ESO e 2º ESO hai alumnos e alumnas que presentan serias dificultades de aprendizaxe e por mor disto estáselles a aplicar medidas ordinarias e extraordinarias de atención á diversidade nas materias instrumentais: lingua castelá, lingua galega e matemáticas; e en todas aquelas nas que o precisan. Este alumnado está exento de 2ª lingua estranxeira (francés).

Para poder levar adiante todos estes apoios contamos cun PT e coa profesora PROA+ (media xornada), pero co seu horario non poden abarcalos todos e temos que contar con profesores especialistas doutras materias para cubrir todas as necesidades, como pode ser a dun alumno con parálise cerebral de 1º BAC.

En 3º e 4º de ESO, para poder atender de forma máis axeitada á diversidade, contamos con Programas de Diversificación Curricular (PDC) con 6 alumnos/as e 8 alumnos/as, respectivamente.

Queremos salientar que as materias ofertadas por este centro de Bioloxía e Xeoloxía e de Física e Química (en inglés) teñen unha forte carga de contidos teóricos así como unha forte carga horaria - 4



horas en 1º ESO e 3 horas en 2º ESO - o que supón por parte do alumnado unha forte motivación, pero tamén un nivel mínimo de inglés en todo o seu currículo.

Como en cursos anteriores e para dinamizar estes programas plurilingües contamos cunha auxiliar de conversa que ven dos Estados Unidos dentro do programa **Fulbright**. A súa incorporación realizouse ao comezo do curso.

No centro existe un departamento de orientación que ten como funcións, entre outras, orientar ao alumnado no proceso de aprendizaxe, especialmente ao alumnado que presenta dificultades na adquisición de coñecementos e problemas académicos, así como na elección do seu futuro académico.

2. HORARIO XERAL DO CENTRO.

2.1. Horario lectivo.

Alumnado da ESO:

Entrada pola porta principal ás 8:45 h.

Recreo de 11:15 h ás 11:45 h.

Saída pola porta principal ás 14:15 h.

A tarde dos luns, entrada ás 16:30 h e saída ás 18:10 h pola porta principal.

Alumnado de Bacharelato:

Entrada pola porta principal ás 8:45 h.

Recreo de 11:15 h ás 11:45 h.

Saída pola porta principal ás 14:15h.

A tarde dos luns, entrada ás 16:30 h e saída ás 18:10 h pola porta principal.

Recreos:

O alumnado menor de idade non pode saír do recinto escolar.

Os mércores e os xoves polas tardes teremos as reunións dos diferentes órganos de coordinación sempre que sexa posible.



As actividades organizadas pola ANPA terán lugar os mércores de 16,30 h a 18,30h. Este ano realizaranse a actividade do “English club”.

2.2. Horario de verán.

Durante o mes de xullo o centro permanecerá aberto en horario de mañá de 10:00 h a 13:30 h. No mes de agosto o centro permanecerá pechado e para calquera urxencia poderanse poñer en contacto co correo do centro para que se solucione o antes posible.

3. ORGANIZACIÓN DE SERVICIOS COMPLEMENTARIOS.

Hai comedor de xestión indirecta por parte do ANPA, o servizo é prestado polo catering Jardanay. Non hai servizo de transporte escolar.

4. DOCUMENTO DE RECOLLIDA DE DATOS (DRD).

Será cuberto na aplicación correspondente.

CAPÍTULO II

5. DOCUMENTO DE ORGANIZACIÓN DE CENTRO (DOC).

Será entregado ao servizo de Inspección Educativa na data correspondente.



CAPÍTULO III

6. PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS Y EXTRAESCOLARES.

6.1. Introducción.

Para o curso 2023-2024 os Departamentos didácticos do IES Plurilingüe Adormideras propoñen nas súas programacións didácticas diversas actividades complementarias e extraescolares que contribúen a reforzar e contextualizar a aprendizaxe e o enfoque global de todas as disciplinas.

A través dos diferentes plans, proxectos e programas solicitados pretendemos brindar maiores oportunidades ao noso alumnado.

En todo momento, tratamos de desenvolver unha metodoloxía colaborativa e interdisciplinar, atendendo especialmente ao alumnado máis vulnerable.

Dende a Vicedirección, pretendemos coordinar a realización das actividades complementarias e extraescolares do xeito máis funcional posible, informando da vida do noso centro á comunidade educativa.

Para isto, poderemos atopar na web do instituto, apartado Vicedirección, todas as novidades, documentos e información.

Na web están a disposición do profesorado os diferentes modelos de documentos, as normas de realización das actividades, etc.

Diferenciamos entre actividades complementarias e extraescolares:

1. Considéranse actividades complementarias as organizadas polo centro durante o horario escolar, de acordo co Proxecto Curricular, e que teñen un carácter diferenciado das propiamente lectivas polo momento, espazos ou recursos que utilizan. A asistencia a estas actividades será obrigatoria, igual que a as demais actividades lectivas. As faltas a estas actividades deberán ser xustificadas polos proxenitores do alumnado.
2. Considéranse actividades extraescolares as encamiñadas a potenciar a apertura do centro á súa contorna e a procurar a formación integral do alumnado en aspectos referidos a ampliación do seu horizonte cultural, a preparación para a súa inserción na sociedade ou o uso do tempo libre. As



actividades extraescolares realizaranse fóra do horario lectivo e terán carácter voluntario para o alumnado e o profesorado.

6.2. Obxectivos xerais.

- Completar a educación do alumnado a través das actividades complementarias e extraescolares.
- Contribuír ao desenvolvemento integral do alumnado e ao seu benestar emocional.
- Reforzar os valores de colaboración, compañeirismo, esforzo, convivencia, creatividade e respecto.
- Fomentar a capacidade creativa.
- Fomentar as relacións interpersoais.
- Ofrecer actividades formativas, culturais, sociais e integradoras.
- Coordinar materias e actividades de distintos ámbitos.
- Promover a integración, a sensibilización e o sentimento de pertenza a unha comunidade educativa.
- Posibilitar o acceso a actividades culturais e sociais a todo o alumnado e en especial, ao alumnado máis vulnerable.
- Complementar os coñecementos adquiridos na aula.
- Fomentar as relacións e actividades interdepartamentais e con outros centros educativos.
- Fomentar as actividades de carácter deportivo e as prácticas saudables.
- Promover a participación nos proxectos, programas, plans e actividades que permitan reforzar o complementar a formación do noso alumnado.
- Fomentar o uso da Biblioteca e apoiar o traballo e as actividades da mesma.
- Complementar o desenvolvemento das competencias básicas mediante as medidas organizativas e de relación entre os membros da comunidade educativa.



- Favorecer a integración e a boa convivencia do alumnado, o profesorado e o resto da comunidade educativa, nun marco de respecto e colaboración.

6.3. Contribución das AACCEE ao desenvolvemento das competencias clave.

No que respecta ao desenvolvemento das competencias, as AACCEE do IES Plurilingüe Adormideras contribúen ó desenvolvemento das mesmas do seguinte xeito:

- Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC): A maior parte das actividades terán un transfondo cultural, para afondar no coñecemento, a comprensión e o aprecio das manifestacións artísticas e culturais por parte do alumnado, así como a valoración da creatividade. Pretendemos que o alumnado comprenda o mundo que nos rodea, que reflexione e traballe o espírito crítico.
- Competencia en comunicación lingüística (CCL): son numerosas as actividades que fan fincapé na comprensión oral (charlas, conferencias,...) escrita, ou nunha expresión oral e escrita do noso alumnado (teatro, concursos literarios, viaxes de estudos, saídas culturais,...) Consideramos que esta competencia é un pilar na formación do noso alumnado.
- Competencia plurilingüe (CP): determinadas actividades como o intercambio lingüístico a Italia fomentan o desenvolvemento desta competencia.
- Competencia cidadá (CC): as actividades complementarias e extraescolares, son actividades en grupo, distendidas e lúdicas, nas que o noso alumnado pode relacionarse dun xeito diferente ás actividades lectivas e aprender a convivir, resolver conflitos... O alumnado poderá facer da tolerancia e o respecto, valores fundamentais. O alumnado poderá aprender a relacionarse en sociedade, noutras culturas, rexións, países, circunstancias, espazos, enriquecendo deste xeito, a súa experiencia vital.
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA): as actividades complementarias e extraescolares son un elemento moi importante no desenvolvemento de certas tarefas de investigación, tanto individuais como colectivas, que axudan ao alumnado a facerse preguntas, a aplicar o aprendido na aula e a avanzar na consecución da autonomía na súa aprendizaxe. O alumnado fai un esforzo para por en práctica o aprendido e faino de xeito interdisciplinario.



- Competencia emprendedora (CE): o alumnado, desenvolve esta competencia xa que se atopará en diversas situacións nas que é necesario tomar decisións, organizarse, planificar... Desta forma despregan capacidades para elixir, organizar e xestionar os propios coñecementos, destrezas e habilidades como a creatividade e a imaxinación. Faremos fincapé en que o propio alumnado sexa partícipe na proposta de actividades, na súa xestión ou organización e en que teñan pequenas responsabilidades (por exemplo, na organización dun festival, un torneo deportivo,...)
- Competencia dixital (CD): Como nas diferentes actividades complementarias e extraescolares que o alumnado realice van atoparse con presentacións dixitais. As Tecnoloxías da Información e a Comunicación proporcionan recursos tanto para buscar a información como para elaborala, tratala e presentala, así como o acceso a multitude de simulacións de fenómenos experimentais, que, en conxunto, contribúen a consolidar a competencia dixital.
- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM): O alumnado desenvolve esta competencia no seu día a día e especialmente durante a organización de actividades propostas desde estes Departamentos didácticos: apreciación do método científico, utilización da lóxica, xestión de tempo e cartos, toma de decisión, respecto polos datos aprendidos e a súa veracidade, comprensión dos criterios éticos asociados ás matemáticas ou a ciencia, valor da ciencia e do coñecemento científico,...

6.4. Funcionamento do departamento de AACCEE.

6.4.1. Consideracións xerais.

Todas as actividades complementarias e extraescolares deben estar incluídas na Programación Xeral Anual e estará en consonancia cos obxectivos da mesma. A programación e realización destas actividades teñen un carácter flexible, polo que aquelas actividades que non estiveran contempladas, poderán realizarse sempre e cando sexan aprobadas polo Consello Escolar e co coñecemento da Dirección.

A planificación e participación das actividades programadas corresponde ao profesorado organizador: recollida de autorizacións, cartos, se fóra o caso, planificación da xornada, reservas... baixo a coordinación da Vicedirección.



6.4.2. Participación do alumnado nas actividades.

Cando o alumnado participa nas actividades complementarias ou extraescolares, existe unha delegación de responsabilidade dos pais ou titores legais cara o profesorado, que exerce a garda e custodia dos menores.

Para minimizar os posibles riscos, o alumnado participante deberá aceptar as **normas para as actividades complementarias e extraescolares marcadas polo centro.**

Estas normas son de obrigado cumprimento para garantir o benestar do alumnado e profesorado. Estas normas son de carácter xeral. Os departamentos didácticos ou profesorado responsable resérvanse o dereito de engadir as normas necesarias para a realización dunha actividade concreta.

O alumnado deberá entregar a autorización de participación nunha actividade complementaria e extraescolar, debidamente asinada polos pais ou titores legais. As actividades extraescolares son de carácter voluntario para o alumnado. O profesorado dispón dun modelo de documento para a autorización da actividade extraescolar.

O alumnado deberá entregar **unha declaración responsable de saúde**, se é necesario para a participación nunha actividade determinada, ao profesorado acompañante.

Os pais ou titores legais deberán autorizar ou non a utilización da imaxe con fins educativos (web do instituto ,blogs...).

6.4.3. Comunicación da actividade a Vicedirección.

As actividades deben estar incluídas nas programacións didácticas dos departamentos.

Prégase ao profesorado que comunique a realización da actividade a Vicedirección ca maior antelación posible.

6.5. Organización e xestión das actividades.

Para a realización das actividades complementarias ou extraescolares deberán comunicarse a Vicedirección:

- a) Nome da actividade.
- b) Nivel e grupos destinatarios.



- c) Profesor/a coordinador/a de a actividade.
- d) Outros departamentos cos que se coordina a actividade, se procede.
- e) Breve resumo das actividades para realizar.
- f) Data de realización e duración da actividade.
- g) Custo da actividade.
- h) Número de profesores/ as acompañantes, número de alumnos/ as participantes.
- i) Transporte requirido.
- j) Outros aspectos necesarios para a coordinación da actividade (espazos,...).

Se algunha actividade queda fóra da programación inicial, o departamento correspondente poderá presentar a proposta, coa suficiente antelación á Vicedirección. A proposta haberá de ser estudada e someterase, se procede, á aprobación do Consello Escolar, de todo o cal se dará coñecemento oportunamente ao profesorado interesado.

O profesorado responsable da actividade debe velar polo cumprimento do programado e, ao termo da mesma, comunicar á Vicedirección, de maneira escrita, vía e-mail, as incidencias que considere de interese.

Vicedirección informará ó profesorado, a través do e-mail corporativo das actividades previstas: farao coa antelación suficiente para prever ou resolver a actividade docente.

Corresponde ao Departamento ou profesorado organizador da actividade :

- Informar a Vicedirección da actividade coa maior antelación posible, mínimo dez días antes, como norma xeral, principalmente se hai que solicitar transporte.
- Elaborar e informar da lista do alumnado participante na actividade, vía e-mail, para que o profesorado poida cargar as ausencias do alumnado en Xade, ou remitir dita lista a Vicedirección, cunha anterioridade mínima de catro días laborables.
- Informar aos proxenitores da actividade detalladamente.



- Recoller os cartos para a actividade, se é o caso.
- Entregar os cartos en Vicedirección para facer os pagos pertinentes, se é o caso (transporte, transferencias bancarias a distintas institucións,...)
- Recoller todas as autorizacións necesarias do alumnado e custodialas.
- Velar polo cumprimento das normas e o protocolo de AACCEE.
- Comunicar as incidencias, de ser o caso, ao final da actividade.
- Deixar actividades para o resto do alumnado que non participe así como aos grupos que non poida atender.
- Distribuír as actividades de forma racional ao longo do curso, para todos os niveis, intentando non prexudicar ao resto das materias, realizando as actividades durante as súas sesións de clase sempre que sexa posible, e respectando en todos os casos as actividades xa programadas e a norma de **NON realizar actividades dúas semanas antes das datas de avaliación fixadas por xefatura, agás aquelas actividades que poidan realizarse durante as sesións de clase propias.**

Corresponde ao profesorado participante na actividade :

- Colaborar no cumprimento das normas e do protocolo.
- Deixar actividades para o resto do alumnado que non participe, así como aos grupos que non poida atender.
- Participar, preferentemente, nas actividades que impliquen unha menor perda de sesións de docencia.

6.6. Normas durante as AACCEE.

As normas son de obrigado cumprimento para garantir o benestar do alumnado e do profesorado. Estas normas son de carácter xeral. Os Departamentos didácticos ou profesores responsables resérvanse o dereito de engadir as normas que fosen necesarias para a realización dunha actividade concreta.



Unha actividade extraescolar ou complementaria é una actividade escolar e o réxime disciplinario aplicarase da mesma forma que no centro.

O alumnado ten que obedecer, pola súa propia seguridade, ao profesorado encargado. No caso contrario procederase á apertura de partes de incidencias leves ou graves, segundo as NOF do centro, á volta da actividade.

As seguintes normas e todas aquelas que marca o sentido común (non cruzar rúas en vermello, ter precaución , ...) establécense para a propia seguridade do alumnado.

O alumnado responsabilizase da súa documentación persoal e pertenzas.

Se algún alumno/a causa algún dano material (autobús, museos, hoteis...) ou é sancionado economicamente , deberá abonalo el/ela ou a súa familia segundo corresponda.

O alumnado ten prohibidas, durante a duración da actividade o consumo de bebidas alcohólicas e o consumo de calquera substancia prohibida para menores de 18 anos.

O alumnado debe seguir en todo momento os comunicados e avisos do profesorado (por exemplo: hora de se erguer).

O alumnado ten terminantemente prohibido saír do recintos, hoteis, museos, etc. sen o profesorado.

O alumnado ten prohibido ir a calquera sitio con persoas alleas á actividade (familiares incluídos) mentres estean baixo a responsabilidade do profesorado.

Todas as visitas e actividades son de obrigada realización polo seu marcado carácter didáctico, cultural e/ou de inmersión lingüística. Non se poderá utilizar o móbil para xogar, escoitar música, whatsapp... durante a súa duración. Deben estar atentos ás explicacións.

O alumnado non poden molestar a outras persoas ou alborotar. Debe manter unha compostura exquisita nas visitas, museos, igrexas, rúa, etc.

O profesorado acompañante non se fará responsable de posibles roubos, perda de obxectos persoais nin do diñeiro do alumnado durante a actividade. Cada alumno/a terá precaución cos seus gastos e coa custodia dos seus cartos e pertenzas. No caso de que os alumnos teñan gastos



imprevistos xustificados, o profesorado farase cargo, pero a familia deberá reembolsar o diñeiro ó centro educativo á volta.

Se un alumno ou alumna debe tomar un tratamento médico, ten que levalo consigo e poñelo en coñecemento do profesorado (nunha declaración de saúde).

O profesorado non medicará en ningún caso ao alumnado (nin aspirinas, nin ibuprofenos, nin antimareos nin ningún outro tipo de medicamentos) No caso de enfermidade, levarémolos ao médico para que lles receite o necesario.

O uso do móbil debe ser privado. Debemos respectar a intimidade do resto de compañeiros/as e do profesorado. Está terminantemente prohibido subir fotos, audios, etc. a redes sociais (Instagram, Facebook,...) que poidan atentar contra esa intimidade.

O profesorado está autorizado para utilizar imaxes e vídeos do alumnado que asinara os permisos de imaxe co fin de dar a coñecer as actividades culturais e didácticas realizadas.

Se algún alumno non asina os permisos de imaxe non poderá saír nos vídeos nin imaxes e debe indicalo nos papeis das normas. Nalgunha actividade ou saída concreta a falta de permisos pode significar a non participación deste alumnado na actividade ou viaxe xa que estas poden ser retransmitidas en aberto en internet, TV, etc.

Os departamentos didácticos poderán engadir normas específicas a estas normas xerais se a actividade ou saída así o require e sempre que ditas normas sexan revisadas pola Vicedirección do centro.

6.7. Criterios xerais de organización.

Naqueles casos en que por circunstancias especiais existan alumnos e alumnas que non participen nas actividades programadas o/a responsable ou responsables deberán prever as accións adecuadas para garantir o seu dereito á educación.

Garántese o dereito á realización de actividades complementarias e extraescolares dos profesores e profesoras que polas especiais circunstancias das súas materias teñen poucos alumnos e alumnas.

Como norma xeral, naquelas actividades que supoñan saída do Centro o número de profesores que acompañarán aos alumnos será de **un por cada vinte alumnos e alumnas, pero nunca menos de dous**. No caso de que polas especiais circunstancias dunha actividade ou viaxe (especialmente ao



estranxeiro, viaxes á neve,...) tivese que ir algún profesor ou profesora máis, será suficiente coa aprobación do equipo directivo.

Nas dúas semanas anteriores ás avaliacións, non se poderán realizar actividades complementarias e extraescolares, agás casos xustificadas.

Todo o alumnado sancionado cun procedemento corrector non poderá participar nas actividades extraescolares sempre que veña recollido na resolución de forma expresa.

Calquera outra sanción implicará a non participación do alumnado nas actividades extraescolares ou complementarias nos quince días posteriores á mesma.

6.8. Criterios específicos de organización para as actividades complementarias.

Dado o carácter curricular das actividades complementarias, a participación do alumnado será obrigatoria, se non supón ningún custo económico para el e se desenvolve dentro do horario lectivo.

Para as actividades complementarias con carácter obrigatorio, só se aceptarán como circunstancias excepcionais que permitan a un alumno a non participación, aquelas nas que concorran razóns de carácter médico ou razón xustificadas polos proxenitores por escrito.

O departamento didáctico organizador da actividade procurará que esta se desenvolva dentro da franxa horaria da súa área ou materia a fin de que poidan facerse responsables dela.

No caso de que a actividade estea organizada pola Vicedirección, ou Departamento de Orientación fóra da franxa horaria da súa área ou materia, será o profesor afectado pola actividade o responsable de que os alumnos participen na mesma, permanecendo en todo momento devanditos alumnos ao seu cargo.

Cando a actividade co alumnado sexa dirixida por un axente colaborador externo, o profesor afectado deberá estar sempre presente na actividade para controlar e atender calquera incidencia.

6.9. Criterios específicos de organización para as actividades extraescolares.

As actividades extraescolares realizaranse fóra do horario lectivo e teñen carácter voluntario. Entre este tipo de actividades considéranse , ademais das que con carácter formativo realízanse fóra do



horario escolar nas dependencias do centro, as seguintes: viaxes de estudos, actos de entrega de premios, actividades artísticas ou deportivas dentro ou fóra do centro, etc.

Ningún alumno/a pode participar nunha actividade extraescolar sen os permisos asinados correctamente, os cartos entregados, se é o caso, e a declaración de saúde responsable, se fora necesaria.

De xeito xeral, o alumnado que contraveña as normas de convivencia no centro, non poderá participar nestas actividades, agás permiso expreso da Dirección do centro e sempre que o profesorado organizador acepte a participación dun alumno/a na actividade.

O profesorado encargado da actividade non devolverá os cartos dun alumno inscrito nunha actividade, agás xustificantes médicos ou situacións graves xustificadas. En calquera caso, en caso de anulación dunha inscrición (imposibilidade de viaxar, etc.) o alumnado deberá presentar a reclamación para a devolución dos cartos de forma persoal ante o organismo correspondente (axencia de viaxes, transporte,...)

6.10. Programas, plans e actividades.

6.10.1. Coruña Educa.

A Coruña Educa é unha proposta formativa da Concellería de Educación e Cultura, en colaboración con outras áreas municipais e entidades, dirixida especificamente á comunidade educativa e consistente nunha serie de programas anuais clasificados por grupos temáticos.

6.10.2. Club de lectura.

Foi solicitado e esperamos sexa concedido un Club de lectura, destinado a todos os grupos da ESO e 1ºBAC. O club estará coordinado pola profesora Gema Cilleros Cembellín do departamento de Debuxo.

6.10.3. Club de ciencia.

Concedéusenos, por segundo ano, un Club de ciencia, destinado a todos os grupos da ESO e 1ºBAC. Estará coordinado polo profesor David Rodríguez Antuña do departamento de Debuxo.



6.10.4. Programa Fullbright.

A figura do auxiliar de conversa é un elemento clave para achegar a realidade cultural e lingüística do seu país de orixe ao alumnado galego. Deste xeito, estas persoas levan a cabo un importante servizo complementario, ao apoiar o labor do profesorado, facilitando as prácticas de conversación en linguas estranxeiras. Ademais, representan un auténtico vehículo de achegamento á cultura dos países onde se fala a lingua obxecto de estudo, polo que contribúen a reforzar o labor docente na compoñente de multiculturalidade, eixo sobre o que pivotan os currículos dos centros implicados no Plan de potenciación das linguas estranxeiras.

Dentro do programa Fullbright do Ministerio de Educación e Formación profesional, contaremos este curso cunha auxiliar procedente de Estados Unidos, que permanecerá no noso centro dende o mes de setembro ata o 14 de xuño de 2022. Encárgase de reforzar **as materias de Relixión, Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química e Dixitalización.**

6.10.5. Proa+.

O Programa PROA+ son as siglas do Programa para a Orientación, Avance e Enriquecemento Educativo. Trátase dun plan educativo dentro do Programa de Cooperación Territorial do Estado Español. O Programa PROA+ busca reducir as taxas de abandono escolar temperán.

Está dentro dos Contratos-Programa Recupéra-T (CP Recupéra-T) co fin de lograr o éxito educativo a través do reforzo, apoio e acompañamento na aprendizaxe daquel alumnado vulnerable que, por causa da pandemia, non alcanzase os obxectivos e as competencias establecidas para o nivel correspondente.

Dentro deste programa, foinos concedida unha profesora de Pedagogía Terapéutica a media xornada.

6.10.6. Plan director.

Un curso máis, ponse a dispor dos centros docentes o Plan Director para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e nos seus contornos, que pon de manifesto, unha vez máis, o compromiso da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional con todo o que ten que ver coa construción dunha sociedade democrática, tolerante, solidaria...

O Plan, impulsado desde a Delegación do Goberno en Galicia e a Alta Inspección de Educación, ofrece aos centros docentes a posibilidade de solicitar charlas informativas/formativas sobre



temáticas como: **acoso escolar, drogas e alcol, violencia de xénero, novas tecnoloxías, bandas xuvenís**, etc. Charlas impartidas por persoas expertas das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e dirixidas ao conxunto da comunidade educativa.

6.10.7. Conmemoracións e actividades conxuntas.

ORDE do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

1. Durante o curso escolar celebraranse, como mínimo, as seguintes conmemoracións:

- **20 de novembro de 2023:** Día Universal da Infancia.
- **25 de novembro de 2023:** Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- **Do 28 de novembro ao 5 de decembro de 2023:** conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- **3 de decembro de 2023:** Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- **10 de decembro de 2023:** Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- **24 de xaneiro de 2024:** Día Internacional da Educación.
- **30 de xaneiro de 2024:** Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- **23 de febreiro de 2024:** Día de Rosalía de Castro.
- **8 de marzo de 2024:** Día Internacional da Muller.
- **15 de marzo de 2024:** Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- **Do 4 ao 8 de marzo de 2024:** Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
- **1 de abril de 2024:** Día das Artes Galegas.
- **7 de abril de 2024:** Día Mundial da Saúde.
- **Do 22 ao 26 de abril de 2024:** Semana do Libro.
- **2 de maio de 2024:** Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- **9 de maio de 2024:** Día de Europa.
- **Do 13 ao 17 de maio de 2024:** Semana das Letras Galegas.
- **5 de xuño de 2024:** Día Mundial do Medio Ambiente.

2. De conformidade co establecido no artigo 26.2 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de



trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual, os centros docentes sostidos con fondos públicos realizarán actividades específicas próximas ás datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito destas persoas.

6.10.8. Excursión fin de curso do alumnado de 4ºESO.

Os alumnos de 4º ESO queren organizar unha excursión de fin de curso e etapa. O destino e as datas aínda non están decididas.

6.11. Actividades por departamentos.

Consideracións xerais:

A Vicedirección encargase de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades, procurando a implicación nas mesmas de todos os integrantes da nosa comunidade. Neste sentido e tendo en conta a actual situación sanitaria e académica, consideramos que as actividades propostas polos departamentos son de especial importancia para o noso alumnado, xa que un centro educativo non pode limitarse ás actividades estritamente académicas. As AAEECC proporcionan ao noso alumnado unhas situacións de aprendizaxe diferentes e atractivas.

A realidade social, educativa e económica do noso alumnado fai da oferta dos nosos departamentos didácticos unha oportunidade única para achegarse a actividades formativas de gran calidade. Queda a criterio dos diferentes Departamentos a organización temporal equitativa das súas actividades, sen prexuízo das normas que se inclúen nesta programación. Pégase unha organización racional e equitativa das actividades para os distintos niveis, que quedará recollida na memoria anual deste Departamento.

6.11.1. Departamento de Bioloxía e Xeoloxía.

TIPO (C/E)	ACTIVIDADE	NIVEL	DATA APROXIMADA
E	Visita intermareal para estudantes. As Xubias. Festival Mar de Mares. Instituto oceanográfico.	1º Bac A. 1º Bac B (cultura científica) 4º ESO C	30 outubro
E	Actividades educativas do concello de A Coruña	Varios niveis	Por determinar



E	Domus. Laboratorio Aberto.	2º Bac A	Por determinar
E	Actividades Emalcsa. Visita a ETAP de A Telva.	1º ESO A 1º ESO B	6 maio
E	Actividades CEIDA Educación Ambiental	Varios niveis	Por determinar
C	Charlas protección natureza	Varios niveis	Por determinar

6.11.2. Departamento de Economía.

TIPO (C/E)	ACTIVIDADE	NIVEL	DATA APROXIMADA
C	Charla/Obradoiro: A publicidade dos alimentos (OMIC)	4º ESO (FOPP)	2º trimestre
E	Visita ó Porto de A Coruña (Programa Coruña Aventuras)	1º BAC (ECO)	3º trimestre
C	Charla/Obradoiro: Para que serve a economía? (Programa "A Ponte" da USC)	4º ESO/1º BAC (ECO)	Pendente de confirmación
C	Charla/Obradoiro: Economía circular e novos modelos de negocio. (Programa "A Ponte" da USC)	2º BAC (EyDMN)	1º trimestre
C	Charla/Obradoiro: Etiquetaxe alimentaria (OMIC)	2º BAC-B (ECO)	2º trimestre
E	Visita ó centro loxístico de Pull&Bear en Narón.	2º BAC (EyDMN)	2º trimestre
C	Charla/Obradoiro: Ríos, encoros, enerxía e descarbonización. (Programa "A Ponte" da USC)	2º BAC (EyDMN)	Pendente de confirmación
C	Charla/Obradoiro: A economía azul para o futuro das zonas costeiras. (Programa "A Ponte" da USC)	2º BAC (EyDMN)	Pendente de confirmación

6.11.3. Departamento de Lingua Galega.

TIPO (C/E)	ACTIVIDADE	NIVEL	DATA APROXIMADA
C	Visita ao Museo Emilia Pardo Bazán	3º ESO	Marzo- abril
C	Visita ao Arquivo Reino de Galicia	4º ESO	Marzo- abril
E	Asistencia a obras teatrais e visitas culturais, dependendo das ofertas do concello, das editoriais...	Xeral	Todo o curso



C	Charlas- conferencias con escritores	Xeral	Todo o curso.
C	O departamento participa activamente en toda as actividades do ENDL:concursos, celebracións, proxectos, revista...	Xeral	Todo o curso

6.11.4. Departamento de Física e Química.

TIPO (C/E)	ACTIVIDADE	NIVEL	DATA APROXIMADA
A maior parte destas actividades están pendentes de ser confirmadas polos centros organizadores. Pode considerarse unha planificación de máximos.			
E	Actividade organizada por EMALCSA. Visita á ETAP (A Telva).	2ºESO	3ª avaliación (19/04/2024; 12:00h-14:00h). Pendente da aceptación.
E	Visita a unha central de produción eléctrica. Preténdese que o alumnado coñeza con detalle un procedemento de obtención de enerxía eléctrica e que despois faga unha reflexión crítica sobre a sustentabilidade do medio ambiente. En caso de non poderse optar por esta visita, visita a SOGAMA.	3ºESO.	Farase prioritariamente durante o 3º trimestre. En función da dispoñibilidade do centro.
E	Actividade do MUNCYT sobre aspectos relacionados cos contidos do curso de Física e Química.	4ºESO B	A determinar en función da oferta e dispoñibilidade do museo.
C ou E	Charlas de divulgación científica das universidades galegas. Investigadores dalgunha universidade galega das facultades de Física ou Química imparten unha charla sobre aspectos de interese para a materia.	4ºESO e 1º bacharelato de Física e Química	En función da dispoñibilidade.



E	Visita ao Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA) da Universidade de A Coruña. O alumnado poderá observar en directo o funcionamento de laboratorios de investigación de física ou química e o traballo realizado polos investigadores nese centro.	1º bacharelato de Física e Química.	En función da dispoñibilidade.
E	Visita ao Centro de Investigacións en Química da Universidade de Santiago (CIQUS). O alumnado poderá observar en directo o funcionamento de laboratorios de investigación de química e o traballo realizado polos investigadores nese centro.	1º bacharelato de Física e Química.	En función da dispoñibilidade.
E	Visita a unha planta de industria química (tipo refinería de A Coruña). Lugar no que o alumnado pode ver a aplicación de diferentes contidos de física e química abordados e, en definitiva, observar o funcionamento dunha planta industrial química.	3ºESO, 1º bacharelato de Física e Química e 2º bacharelato de Química.	En función da dispoñibilidade. Farase prioritariamente durante o 2º trimestre coincidindo co desenvolvemento da unidade didáctica sobre a reacción química en 3ºESO.
E	Masterclass en física de partículas para alumnas de 1º de bacharelato (conmemoración do día internacional da muller e a nena na ciencia)	1º bacharelato de Física e Química (parte do alumnado)	Febreiro
C/E	Olimpíada de Física.	2º bacharelato de Física (parte do alumnado).	Durante o curso, como actividade complementaria, e extraescolar, na data das probas (febreiro-abril).
E	Masterclass en física de partículas.	2º bacharelato de Física (parte do alumnado).	Aproximadamente 3º trimestre (marzo, abril).



6.11.5. Departamento de Matemáticas.

TIPO (C/E)	ACTIVIDADE	NIVEL	DATA APROXIMADA
C	Posibilidade de convocar o Concurso Fotografía Matemática do IES Plurilingüe Adormideras.	Todos os niveis.	Febreiro/Marzo
C/E	Queda aberta a posibilidade de realizar algunha saída, aínda por determinar		
C/E	Proporase ao alumnado de bacharelato a participación na Olimpíada Matemática	1º e 2º bacharelato.	Aproximadamente 3º trimestre (marzo,

6.11.6. Departamento de Música.

TIPO (C/E)	ACTIVIDADE	NIVEL	DATA APROXIMADA
C	Participar nos diversos programas organizados polo concello de A Coruña en colaboración coa orquestra Sinfónica de Galicia.	ESO BAC	Por determinar
C	Participar nos diversos programas organizados polo concello de Santiago de Compostela en colaboración coa orquestra filarmónica de Galicia.	ESO BAC	Por determinar
C	Asistencia a concertos didácticos organizados pola Deputación de A Coruña	ESO BAC	Por determinar
C/E	Asistencia a obras musico-teatrais ofertadas por diferentes compañías	ESO BAC	Por determinar
C/E	Asistencia a calquera actividade musical que se oferte ao entro e que se considere interesante dende un punto de vista lúdico-cultural.	ESO BAC	Por determinar

6.11.7. Departamento de Latín e Grego.

TIPO (C/E)	ACTIVIDADE	NIVEL	DATA APROXIMADA
E	Enigma mitolóxico no museo de Belas Artes	4º eso	21 de marzo
E	Teatro Clásico (Teatro Colón)	BAC/4º eso	Marzo
E	Percorrido Torre de Hércules e arredores	1ºbac/ 4º eso	3º trimestre
C	Masterchef romanus	1ºbac/ 4º eso	3º trimestre



6.11.8. Departamento de Xeografía e Historia.

TIPO (C/E)	ACTIVIDADE	NIVEL	DATA APROXIMADA
E	Visita ao Castro de Elviña e Castelo de San Antón.	1º ESO	Terceiro trimestre.
C	Paseo pola contorna da Torre de Hércules.	1º ESO	Primeiro Trimestre
E	Visita ao Mosteiro de Monfero e a Torre e castelo dos Andrade de Pontedeume.	2º ESO	Decembro
E	Percorrido pola Cidade Vella e Casa Museo de María Pita.	2º ESO	Data a determinar
E	Visita á Biblioteca da Deputación e Arquivo do Reino de Galicia.	1º BAC	Primeiro Trimestre
E	Percorrido polo Ensanche de A Coruña (urbanismo e Modernismo).	1º BAC	Primeiro Trimestre
E	Intercambio escolar con Bérzamo. <i>(En colaboración con outros Departamentos)</i>	1º BAC	16 a 23 de Marzo.
E	Percorrido pola Cidade Vella	4º ESO	Terceiro trimestre
E	Visionado do filme <i>Napoleón</i> nun cine.	4º ESO	Primeiro Trimestre
C	Palestra sobre a autarquía en Galicia a cargo do historiador Gael Proupín.	4º ESO/2º BAC	Segundo trimestre
E	Percorrido polas Rías Altas	2º BAC	Primeiro trimestre
E	Paseo pola contorna da Torre de Hércules	2ª BAC	Segundo Trimestre
C	Conferencia: O sistema electoral español.	2ª BAC	Segundo Trimestre
C	Conferencia: A economía azul para o futuro das zonas costeiras	2º BAC	Primeiro Trimestre

6.11.9. Departamento de Debuxo.

TIPO (C/E)	ACTIVIDADE	NIVEL	DATA APROXIMADA
C	SteamDomus	1º BAC D	22 setembro



C	Visita exposición Kiosko Alfonso	1º BAC (todos)	out-nov
E	Visita Facultade Belas Artes e Restauración (Pontevedra) e Mestre Mateo (Santiago)	2º BAC (alumnado interesado)	Finais de decembro??
C	Visita e obradoiro Museo de Bellas Artes (Coruña)	2º BAC C,D,F,G(alumnado TEGP)	9 xan(2grupos) 10 xaneiro (2 grupos)
C	Un achegamento á arte contemporánea (visita virtual CGAC) no noso salón de actos	1º BAC (todos)	xaneiro? un ou dous grupos por sesión?
C	Exposición fotográfica Fundación MOP, Helmut Newton	1º BAC C,D,E,F	abril-maio
C	Visita a diferentes espazos expositivos da cidade, segundo a programación: Abanca, Fundación María José Jove, Kiosko Alfonso, Fundación Barrié, Luis Seoane,etc.	1º BAC, 2º- 4º ESO	2º ou 3º trimestre
C	Visita a diferentes espazos expositivos fora da cidade, segundo a programación: Museo do Castro-Sargadelos (Sada), Feria INNOVART (Santiago), visita a ESCENOTEC (empresa escenografía- Santiago)	1º ou 2º BAC	2º ou 3º trimestre

6.11.10. Departamento de Inglés.

TIPO (C/E)	ACTIVIDADE	NIVEL	DATA APROXIMADA
C	Charla cultural : British Traditions and Festivals	2º ESO	13-12 23 (3ª hora)
C	Charla cultural: USA Cultural Class	4º ESO	13-12-23 (4ª hora)
C	Tenemos hecha la petición de tres charlas temáticas de la USC	1º y 2º BACH	2º trimestre
C	Actividades nas aulas: Halloween / San Valentín, o	Tódolos niveis ESO	Día que corresponda



	día de Guy Fawkeys , Thanksgiving		
C	Día do libro (Nas aulas)	1º a 4º ESO / 1º BACH	23 abril

6.11.11. Departamento de Tecnoloxía.

TIPO (C/E)	ACTIVIDADE	NIVEL	DATA APROXIMADA
C	Visita Pull&Bear	Bacharelato	Por determinar
C	Visita Sotavento	2 ESO	2º trimestre
C	Visita Tecnópole	4 ESO e Bach	2º trimestre

6.11.12. Departamento de Educación Física.

TIPO (C/E)	ACTIVIDADE	NIVEL	DATA APROXIMADA
E	Viaxe a Andorra	1º bacharelato	27 de xan.-3 feb. 2024
C	Kaiak (Porto da Coruña)	3º, 4º ESO	Maio ou xuño
C	Piragua ou rafting (Oza, río Ulla)	1º bacharelato	Maio ou xuño
C	Piragua (Oza)	1º y 2º ESO	Maio ou xuño
C	Escalada (pavillón de deportes)	3º, 4º ESO, 1ºBAC	Maio ou xuño

6.11.13. Departamento de Orientación.

TIPO (C/E)	ACTIVIDADE	NIVEL	DATA APROXIMADA
C	Iniciación segura á pegada dixital e ás redes sociais	3º ESO (ED) 2º OU 4º ESO	2º ou 3º trimestre
C	Acoso/Ciberacoso escolar	1º ESO	27 Novembro
C	Delitos de odio e discriminación	2º ESO	27/28 Novembro
C	Violencia sobre a muller	3º ESO	30 Novembro
C	Prevenición delitos sexuais	4º ESO	28 Novembro
C	Programa A Ponte. Varios departamentos. Charlas	Por confirmar	Pendente



	por confirmar		confirmación
C	Obradoiro: aprender Igualdade creando II	1º e 2º ESO	Segundo trimestre
C	Obradoiro de saúde afectivo sexual.	4º ESO	2º TRIMESTRE
C	Obradoiro Foro-debate: pensar en Igualdade con miras amplas.	3º ESO	2ª trimestre
C	Nutrición e dieta equilibrada	2º ESO	1º trimestre
C	Desperdicio de alimentos	3ª ESO	1º trimestre
C	Economía circular	4ºESOº	1º trimestre
C	A publicidade dos alimentos	1ºESO	1º trimestre
C	Obradoiro Enredos na rede	4ºESO	3º trimestre
C	Obradoiro Infiltrados na rede	3ºESO	3º trimestre
C	Obradoiro Videoxogos e o seu dominio	2ºESO	3º trimestre
C	Obradoiro O valor do "Non, eu paso!"	4ºESO	3º trimestre
C	Prevenición, abordaxe e xestión de conflitos	3ºESO	2º trimestre
C	Taller de prevención no uso de internet, redes sociais e xogos interactivos	4ºESO	2º trimestre
C	Fuga de cerebros: "Habilidades sociais fronte ás adicións"	2ºESO	2º trimestre
C	Obradoiro A máscara das drogas	3ºESO	3º trimestre
C	"A rede e as súas redes". Prevenición de riscos asociados ao uso de internet	1ºESO	1º trimestre
C	Con-tacto con Palabras: promoción da saúde mental no ámbito escolar	4ºESO	1º trimestre
C	"Ti, eu e outros/as". Prevenición do consumo de alcol e tabaco	1ºESO	2º trimestre
C	Primeiros auxilios	3º e 4ºESO	Pendente confirmación

6.12. Avaliación da programación.

Ao finalizar o curso, elaborárase unha memoria e nela incluírase una avaliación desta programación.

Elaborárase unha rúbrica para avaliar a programación de AACCEE que, como mínimo, contemple:

- Grao de participación do alumnado.



- Grao de interese suscitado no alumnado.
- Grao de cumprimento dos obxectivos desta programación e da contribución a mesma á adquisición e desenvolvemento das competencias clave.
- Implicación dos diferentes membros da comunidade escolar.
- Adecuación ao normal funcionamento do centro: valorarase positivamente que as actividades realizadas non supuxesen un trastorno grave para o funcionamento do centro.
- Nivel de correspondencia entre o orzamento e o custo real da actividade.

7. PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.

TIPO (C/E)	ACTIVIDADE	NIVEL	DATA APROXIMADA
C	Lectores nos corredores do centro Lectura nas aulas polo profesorado	Todos	24/10/2023 adiado ao 25
C	Samaín: - Concurso de cabazas - Concurso de disfraces (photocall) - Baile colectivo no recreo - Concurso de relatos de medo	Todos	31/10/2023 31/10/2023 31/10/2023 31/10/2023 02/11/2023
C	Día contra a Violencia de Xénero	Todos	24/ 11/2023
C	Día da Paz	Todos	30/01/2024
C	Día da Ilustración	Todos	30/01/2024
C	Día da Candeloria	Todos	02/02/2024
C	Entroido: - Concurso de coplas de entroido - Exposición de receitas	Todos	10/02/2024C
C	Día da lingua materna	Todos	21/02/2024
C	Día de Rosalía de Castro	Todos	23/02/2024
E	Saída ao Salón do Libro (Pontevedra)	Voluntariado Biblio e Dinamiz	A concretar (marzo ou abril)
C	Día da muller	Todos	08/03/2024
C	Día da poesía	Todos	21/03/2024



C	Día do teatro	Todos	27/03/2023
C	Día mundial da arte: - Concurso portada revista Mapoula	Todos	15/04/2024
C	Día das Letras Galegas: - Exposición - Concurso de Lettering	Todos	17/05/2024
C	Día mundial do océanos: - Concurso de castelos de area.	1º ESO ? Ou alumnado do Club de Ciencia?	08/06/2024
C	Presentación da revista Mapoula	ESO+ voluntariado da Biblio e Dinamización	14/06/2024

8. PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO DO CENTRO.

A coordinadora de formación en centros é Paula Acción Carnero.

Este curso o profesorado formarase preferentemente nas novas tecnoloxías e no manexo da aplicación informática PROENS.

Así boa parte do noso profesorado está a seguir cursos relacionados coas tecnoloxías da información e da comunicación. Na nosa aula virtual temos creado un curso para o profesorado onde poder afondar no aproveitamento didáctico das aulas virtuais e outras ferramentas institucionais.

Un curso máis, temos un Proxecto de Formación Permanente do Profesorado (PFPP) con catro liñas de traballo, un dedicada aos polos creativos, outra á mellora dos espazos exteriores do centro, outra á biblioteca e a última á internacionalización do centro.



CAPÍTULO IV

9. ORZAMENTO DO CENTRO.

O orzamento correspondente ao curso 2023 foi aprobado polo Consello Escolar o día 13 de abril de 2023.

10. MODIFICACIÓNS DO PE E DO PC.

Actualizaranse en función da normativa que vaia publicando a Consellería.

11. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC.

Este curso as accións formativas para a mellora da competencia dixital seguen a ter unha grande importancia, por mor da mellora da competencia dixital docente. Ademais este ano continuaremos coa implantación do plan dixital do centro e formaremos parte do programa de innovación Polos creativos. Ademais as programacións do cursos pares e os seguimentos da programación tamén deben ser realizadas coa aplicación informática PROENS.

Facilitaremos a todos os alumnos a inscrición na aula virtual. Temos que asegurarnos que o alumnado coñece o seu uso e a metodoloxía.

Informaremos ao alumnado e as familias dos diferentes canles de información no caso de que teñamos que pasar a educación telemática: Abalar Móbil, teléfono, videoconferencia, correo electrónico, aula virtual.

Poñeremos en marcha a aula de informática móbil cos equipos do programa “Educa en Dixital Galicia” e os armarios de carga recibidos de dotación.

Durante este curso unha das liñas de traballo do Proxecto de Formación Permanente do Profesorado (PFPP) será un grupo de traballo de 20 h para o programa Polos creativos.

O equipo TIC está formado por: Jose Manuel Tallos Caldeiro (coordinador), Montserrat Llamas Blanco, Liliana González Sánchez, Roberto González Pardo, Mateo Domínguez Álvarez e David Rodríguez Antuña.



12. PLAN DIXITAL.

Acceso a través da seguinte ligazón: [Plan Dixital](#)

13. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (PXAD).

Anexo correspondente.

14. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE BENESTAR E CONVIVENCIA.

Anexo correspondente.

15. PLAN ANUAL DE BIBLIOTECA.

Anexo correspondente.

16. PLAN ANUAL DE LECTURA.

Anexo correspondente.

17. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E HÁBITOS SAUDABLES.

Realizarase proximamente.

18. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROGRAMA DE CENTRO PLURILINGÜE.

O centro establece mecanismos de seguimento e avaliación do programa plurilingüe para valorar os resultados obtidos e establecer, cando sexa necesario, propostas de adaptación e mellora, que se reflectirán na memoria final cada ano escolar..

Pretendese avaliar a eficacia e a adaptación a realidade deste programa para:

- Determinar a competencia comunicativa en inglés que mostran os alumnos, desenvolvida e demostrada a través do estudo de varias materia nun contexto plurilingüe, así como dos recursos materiais e humanos dispoñibles para unha mellor planificación da labor educativa.
- Identificar e difundir as boas prácticas que se dean en centros educativos participantes no programa.



- Proporcionar datos obtidos sobre a sensibilización, actitude e motivación dos participantes.
- Analizar os obxectivos e expoñer aspectos mellorables a incluír.

A avaliación intégrase dentro do proceso de avaliación interna do centro, realizándose nos seus propios momentos e por seus distintos compoñentes (profesor, equipo docente, departamento, claustro, equipo directivo e consello escolar).

Axentes	Obxecto de avaliación
Equipo directivo	<p>Grao de consecución dos obxectivos marcados: tendo en conta os catro grupos de interese (alumnos, profesores, familias e centro).</p> <p>A eficacia das medidas organizativas.</p> <p>A transferencia da formación realizada polo equipo de profesores</p>
Coordinador do programa plurilingüe	<p>A coordinación nos seus diversos niveis: intercentros, equipo pedagóxico, departamento.</p> <p>Grao de realización das actividades extraescolares e complementarias programadas.</p> <p>Os materiais, recursos e espazos.</p>
Equipo de profesores implicados	<p>A adecuación e eficacia docente das programacións de aula realizadas (contidos, metodoloxías, motivación, estratexia de aprendizaxe).</p> <p>O proceso de ensinanza-aprendizaxe.</p> <p>O grado de competencia lingüística en lingua estranxeira lograda por alumnos.</p>
O Claustro	Percepción sobre as actuacións realizadas no programa plurilingüe.
O Consello Escolar	<p>A difusión do programa.</p> <p>Percepción sobre as actuacións realizadas no programa plurilingüe.</p> <p>Grao de satisfacción das familias co programa plurilingüe.</p>

A dirección do centro velará tamén porque :



- O profesorado que imparta áreas ou materias non lingüísticas en lingua estranxeira participe en sesións semanais de seguimento e coordinación convocada pola persoa coordinadora do programa plurilingüe do centro.
- Colabore na elaboración da programación de contidos e actividades de apoio en lingua estranxeira e da memoria final anual.
- Participe en actividades de formación e de coordinación entre centros que programe a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria .

A persoa coordinadora do programa: María de los Ángeles Conde García, coa participación do profesorado implicado no programa, na memoria ao final do ano escolar avaliará o funcionamento e grao de satisfacción do programa.

Terase en conta:

- a) O grao de formación en linguas estranxeiras á vez que en contidos non lingüísticos.
- b) A mellora e o dominio efectivo en linguas estranxeiras do alumnado do centro.
- c) O fomento da pluralidade lingüística e cultural para lograr a plena integración do alumnado nun contexto cultural e económico globalizado.
- d) O desenvolvemento do currículo integrado das linguas para favorecer a transferencia dos coñecementos e as competencias dunha lingua a outras.

A avaliación do alumnado participante no programa plurilingüe, ao final da etapa educativa determinará tamén o grao de dominio da lingua estranxeira alcanzado polos alumnos e alumnas.

Trala análise destes aspectos proporanse as medidas de mellora axeitadas.



19. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO TRABALLO DO AUXILIAR DE CONVERSA (FULBRIGHT).

Estableceranse mecanismos de seguimento e avaliación da actividade do auxiliar que permitan valorar os resultados obtidos e establecer, cando cumpra, propostas de mellora, que se reflectirán na memoria final de cada curso.

O instituto conta cunha coordinador plurilingüe que supervisa o labor do auxiliar e coordina as materias impartidas en inglés dentro do proxecto de plurilingüismo.

O director comunicará igualmente ás autoridades administrativas correspondentes calquera irregularidade ou incumprimento dos deberes nos que o auxiliar puidese incurrir.

Para un óptimo aproveitamento dos auxiliares de conversa velarase porque:

- Diríxanse sempre aos alumnos e ás alumnas na súa lingua materna.
- Axuden ao profesorado na planificación das clases e na aula como apoio lingüístico.
- Reforcen as destrezas orais do alumnado na lingua estranxeira.
- Promovan o entendemento cultural.
- Fomenten a motivación e o interese do alumnado pola lingua, a cultura e civilización do seu país de orixe.
- Acheguen recursos didácticos, especialmente material auténtico dos seus países de orixe.
- Participen en charlas, presentacións na clase ou elaboración de materiais didácticos.
- Participen en reunións de coordinación co resto do equipo plurilingüe co fin de poder preparar correctamente as actividades que se realicen en clase con suficiente antelación.

A avaliación de todos os aspectos relativos á experiencia do auxiliar quedará reflectida en distintos documentos:

Emitidos polo auxiliar de conversa:

- Cuestionario de avaliación da participación no programa de auxiliares de conversa ao remate do curso escolar.



- Proposta de boas prácticas como mostra do seu traballo no centro.

Emitidos polo centro educativo:

- Informe de renovación de auxiliar asinado polo director, polo que se recomenda ou non a renovación do auxiliar para o seguinte curso (no caso de que un auxiliar solicite a renovación do seu posto).
- Informe redactado polo profesorado que traballou co auxiliar, a persoa coordinadora do programa no centro co visto e prace da persoa directora. Este informe emitirase ao final do curso escolar.

Na memoria final de actividades recollerase:

- Desenvolvemento da experiencia.
- Aspectos didácticos, de organización e de participación na vida do centro.
- Valoración das actividades de aula realizadas: a súa contribución á mellora da competencia oral do alumnado e ao seu coñecemento doutras realidades culturais.
- Coordinación co departamento de inglés. Supervisión e asesoramento recibidos.
- Necesidade e propostas de mellora para o seguinte ano escolar.

20. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DA PXA: INDICADORES PARA AVALIAR O RESULTADO.

A PXA será sometida a seguimento periódico nos órganos colexiados e a avaliación ao termo de cada curso escolar. Na Memoria Anual de centro reflectiranse os logros acadados, avaliación do grao de realización, descrición das dificultades atopadas e dos apoios recibidos, concretando propostas de mellora para implementar no seguinte curso.

Estableceremos diferentes indicadores de logro que nos axudarán a saber se os obxectivos se están acadando.



20.1 Ferramentas de avaliación.

- Reunións semanais equipo directivo: nestas reunións analizaremos o grao de satisfacción coas diferentes actuacións realizadas e a súa utilidade para a consecución dos diferentes obxectivos, a medida que estas diferentes actuacións se vaian desenvolvendo. Isto permitiranos reconducir aquelas actuacións que non estean a dar os resultados previstos.
- Reunións formais ou informais coa comunidade educativa: a través de reunións formais dos órganos colexiados (Claustros, CCP's e Consellos Escolares) ou informais (conversas e reunións informais noutros ámbitos), para coñecer as carencias ou posibles desviacións dos obxectivos.
- Enquisas periódicas: nas que valoraremos diferentes aspectos da situación do centro para os diversos colectivos que forman parte da comunidade educativa. Posteriormente o equipo directivo analizará os resultados destas enquisas concretando proposta de mellora.
- Avaliacións externas: resultados ABAU.

20.2. Indicadores de logro.

Son o reflexo de que algo sucedeu na posta en marcha das accións que se desenvolven para acadar os obxectivos previstos. En canto a formulación dos nosos indicadores imos concretalos en dous grupos: indicadores de logro sobre os obxectivos do proxecto de dirección e por outro lado os indicadores de logro sobre o desenvolvemento da función directiva.

20.2.1. Indicadores logro da PXA.

- Mellora do clima de convivencia no centro, en especial no que está relacionado coa desaparición de actitudes sexistas entre o alumnado.
- Mellora no uso e aproveitamento das TIC do centro, así coma mellora substancial no número de visitas á páxina web do centro, maior utilización do Abalar Móbil, espazo Abalar e diferentes redes sociais.
- Aumento no número de alumnos/as matriculados no centro con relación a outros cursos.
- Mellora nos resultados académicos do alumnado, incluíndo o alumnado ANEAE.



- Aumento na participación do profesorado nos diferentes plans, clubs e programas que a Consellería de Educación pon a nosa disposición.
- Coñecemento, por parte de todos os membros da comunidade educativa, do plan de autoprotección do centro e os protocolos que este supón para toda a comunidade educativa.
- Aumento da participación do profesorado nos PFPP's impulsados desde o centro.
- Mellora da comunicación entre todos os membros da comunidade educativa.
- Maior aproveitamento dos espazos exteriores do centro.

20.2.2. Indicadores de logro do desenvolvemento da PXA.

- Alto grao de cumprimento dos acordos reflectidos nos diferentes documentos de funcionamento do centro.
- Participación activa de toda a comunidade educativa na vida do centro.
- Uso xeneralizado dos recursos da biblioteca.
- Bos resultados académicos tanto nas probas internas como nas probas externas.
- Bo estado de conservación e limpeza das instalacións do centro.
- Mellora das diferentes instalacións do centro sempre que o orzamento o permita.
- Satisfactoria participación e colaboración coas institucións, asociacións e servizos da contorna.

A Coruña, a 26 de outubro de 2023

O director

Jose Manuel Tallos Caldeiro

